



CURRÍCULUM VITAE

María Inmaculada Rúa Parada (1983 Verín, Ourense, España), Licenciada en Dereito, Especialización en Derecho Internacional Público, pola Universidade de Santiago de Compostela. Vive nesta cidade está casada e ten dous fillos pequenos.

Ademáis do Galego e o Castelán fala fluidamente Inglés, e comprende ben o Portugués.

Dende moi xoven amosou a súa capacidade de traballo colaborando na casa rural da súa familia nos veráns e a súa capacidade emprendedora cando decide rexentar o seu propio negocio de hostelería, con grande éxito durante sete anos en Compostela. Tras rematar os estudos de Dereito e coas novas obrigas familiares decide iniciar unha nova etapa profesional na que poida desenvolver as súas capacidades e o seu compromiso social coas persoas máis desfavorecidas.

As súas inquedanzas neste eido lle fixeron comprender que era preciso ter as ferramentas de comunicación e de coñecemento da realidade dun mundo cada vez máis globalizado.

Despóis da súa estancia no Reino Unido por un tempo para aprender o idioma cursa un ano de Erasmus na Universidade de Malta. Alí coñece de primeira mán o drama da inmigración e as persoas refuxiadas procedentes de Asia e África, visita os campos onde viven e se interesa pola asistencia xurídica dos máis necesitados.

Á súa volta realizaría prácticas no Concello de Santiago de Compostela na Área de atención ás migracións, realizando asesoramento con especial énfasis na lexislación de Extranxeiría. Outras prácticas na Xunta de Galicia estiveron relacionadas coa Contratación pública e na Avogacía do Estado de Ourense coa preparación de causas xudiciais e a súa tramitación procesal. Foi pasante nun despacho de avogados de Compostela durante seis meses.

Durante anos, levada polo seu interese social e humanitario e na defensa dos Dereitos Humanos, asistiu a diferentes cursos formativos que fixeron medrar o seu coñecemento e a súa sensibilización. Entre moitos cabe saliantar:

Xornadas sobre Constitución e Integración da Unión Europea, IV Xornadas de dereito Internacional humanitario, Xustiza Internacional, Dereitos Humanos e conflitos armados (2004).

Na etapa de Malta (2006-7) entre outros cursos coma A Convención Europea sobre os Dereitos Humanos e Protección dos solicitantes de Asilo, Refuxiados e Emigrantes forzosos; Conferencia Internacional: os menores non acompañados en Europa: os contextos de orixen, roteiros migratorios, os sistemas de acollida.

De volta en Santiago:

Curso de Inmigración e Educación Intercultural, XXIV Encuentros de educación para a Paz.

Dereitos Humanos e protección das vítimas dos conflitos armados no actual contexto internacional; O enfoque baseado en dereitos humanos na Cooperación para o desenvolvemento: fundamento e práctica.

Educación, Dereitos Humanos e Cidadanía.

Curso interculturalidade e interrelixiosidade no século XXI. Culturas e relixións, da violencia ao diálogo.

Congreso Internacional sobre información e Dereitos Humanos

Reunión de Alto Nivel sobre a Alianza das Civilizacións e a Cultura da Paz

Congreso Internacional sobre o Dereito Humano á Paz.

Foro Mundial de Educación, Investigación e Cultura de Paz.

Congreso Internacional sobre Memoria, Reconciliación e Cultura de Paz.

Formación en materia de inmigración para persoal técnico de orientación laboral (Curso on-line Aosla-Gizalan, marzo-xullo 2011).

Xustiza de ricos e Xustiza de pobres: unha mirada crítica á Xustiza española (2013)

Formación básica en Voluntariado (Santiago de Compostela, 2013); programa de participación voluntaria entre a USC e a Oficina de Coordinación de Trasplantes de Galicia.

Cuestións actuais sobre Dereitos Humanos. I Curso da Cátedra UNESCO de Cultura de Paz e Dereitos Humanos (Curso de Verán, Santiago de Compostela, xullo 2014).

Cursa actualmente o Master MBA "*Master Business Administration*" de xestión e dirección de empresas no Instituto Europeo "Campus Stellae"

Pertence ao Seminario Galego de Educación para a Paz dende o 2008 e ten a honra de ser a súa Presidenta dende o pasado xuño deste ano 2015.

Ademáis das tarefas propias do seu cargo toma parte activamente no desenvolvemento das actividades do SGEP e coordina a preparación das futuras cos seus membros, outras Organizacións humanitarias e as administracións públicas.

Para ela -según afirma- o grande reto é a continuación e proxección da longa e exitosa traxectoria do SGEP. É preciso agradecer todo o acadado nestes últimos 30 anos polas persoas que pertenceron ou teñen colaborado neste esforzo solidario. Tamén grazas ás organizacións amigas, institucións públicas e privadas e a canta xente -calquera que sea a súa orixe- quera axudar a desenvolver e acadar as metas do Seminario.

A consecución da Paz non é posible sen a Educación da sociedade e a Defensa dos Dereitos Humanos.